

# FILOSOFÍA!.... NIN FU NIN FA

## *No Día Mundial da Filosofía*

A ciencia non é moi optimista con respecto ao futuro do ser humano; non é moi optimista sobre o papel que estamos xogando na natureza; non é moi optimista co xogo xeopolítico que estamos demostrando en calquera rincón do mundo; non é moi optimista co xogo social de gobernos e monarcas decimonónicos ou renovados,... A Ciencia predí o desastre e a extinción para este mundo que agora coñecemos. E neste mundo temeroso dos cambios e das ameazas naturais, das pandemias de ignotas procedencias, de desequilibrios xeopolíticos, de riscos bélicos,... falar da necesidade da Filosofía ou do papel que poida cumprir neste contexto pode soar ridículo e estridente.

Pese a esta realidade que nos toca vivir e que tende a deixar de lado os clásicos problemas da Filosofía por ser babecadas e ninguneces innecesarias, sobrantes e que non conducen a nada, renace a Filosofía como o único camiño que os seres humanos debemos tomar para equilibrar e volver a recompoñer o signo dos tempos, a racionalidade no vivir, e a esperanza no progreso da sociedade como única vía de futuro. É esta situación o caldo de cultivo, o prebe, a sopa cósmica imprescindible que obriga a recuperar a perspectiva sobre a realidade que se vai abrindo a un futuro incerto e cheo, unha vez máis, de perigos.

A ciencia non ten cabida nesta situación, non marca o camiño da supervivencia como seres pensantes. A ciencia ten outro labor determinante, fundamental, tamén necesario,.... pero noutro orde de realidade. A Ciencia debe manipular esa realidade para facela de novo amena aos seres humanos, debe crear un tecido natural favorable, debe fortalecer os nosos recursos para superar estas debilidades naturais, para vencer estas probas novidasas da evolución tanto se é forzada por nos como se é produto da súa propia lei natural. A actitude por tanto dos individuos debe ser produto da reflexión filosófica, da actitude racional, da compoñente máis íntima do ser humano, daquela que resulta inalterable a través do paso do tempo e que foi definida dentro dos nosos ámbitos por un puñado de individuos que destinaron o seu tempo a repensar as posibles variacións das situacións humanas. Todas as cousas que resultan novas, todo aquilo que nos causa estupor foi xa vaticinado en fondo e forma pola Filosofía.

Mentres que a Ciencia se basea no observable, no que pode ser experimentado, naquilo que xa sucede e do que temos constancia, a Filosofía procede do asombro, como soemos escoitar en calquera lección de escola... sen embargo estamos acostumados a que as ciencias dean unha explicación “satisfactoria” e “probada” sobre o que nos pode causar estupor aportando seguridade e cobixo e eliminado calquera outra posibilidade. Manter ese asombro, darlle voltas, suxerir explicacións, probar argumentos, adaptalos ao momento no que vivimos, ás circunstancias espazo temporais nas que habitamos... supón abrir portas ao pensamento e permitir que o noso inxenio ensaie explicacións que as probas empíricas e pragmáticas nos arrebatan.

A preocupación que hoxe en día ten en garda a todas as consciencias do mundo debe deixar espazo a reflexión filosófica e aos recursos dos que esta dispón para reconducir a realidade na que vivimos e para darlle guía e sentido aos nosos pasos. A convivencia e a organización social e política do futuro debe conter os principios e directrices que a historia da Filosofía foi encarreirando a través dos distintos avatares históricos e que deixan regueiros de leccións con nomes e situacións concretas. Sobre eses camiños labrados debemos pasar un novo arado e reconverter o futuro predecible da ciencia nun presente optimizado e racional que mova a Humanidade á convivencia, á tolerancia e ao desexo de supervivencia.

Este camiño só pode ser percorrido se deixamos que a Filosofía cumpra o seu cometido, e para cumprir este cometido debemos asimilala nas nosas vidas, a través da aprendizaxe e da interiorización. Só desde nos mesmos pode actuar e beneficiarnos, só desde a asunción da Filosofía como camiño de aprendizaxe e

coñecemento cambiaremos o mundo, un mundo que, agora mesmo, a Ciencia e o noso sentido común, prevén que está condenada á extinción.

... Por certo, si, hoxe é o DÍA DA FILOSOFÍA, e incidimos así naquela proposta da UNESCO para situar o ensino da Filosofía e a práctica da mesma Filosofía como unha prioridade nos plans de estudos e como catalizadora de ideas e foro de encontro e reflexión para todos os seres humanos. Desde esta perspectiva e nestas circunstancias FELIZ DÍA MUNDIAL DA FILOSOFÍA!

Manel Yáñez Dablanca  
Profesor de Filosofía